

# A Voz de A Florida

## O cine na nosa escola

Por Yelena Chan, Clara Couso, Sandra García.



Na escola A Florida de Sanxenxo dende hai un par de cursos, xurdiu unha iniciativa para fomentar o cine no centro. Os días de chuva, cando os nenos e nenas non podemos saír ao patio exterior, quedabamos no pavillón pero eramos moitos e podíamos chocar entre nós cando xogabamos. As mestras e mestres decidiron montar un cine na escola. Entre as distintas películas que se proxectaron podemos atopar a: "Álvin y las ardillas" (I, II e III), os "Minions", Imperfectos desconocidos, etc. Como podemos ver son películas axeitadas a idade das alumnas e alumnos, que fan do recreo un espazo multicultural, non so hai cine, tamén biblioteca, xadrez e deportes no pavillón, e ademais aberto a moitas posibilidades. As nenas e nenos do terceiro ciclo (de 5º e 6º) ocúpense de: proxectar as películas, do orden na sala, do momento na entrada e saída, de poñer as películas, etc... Esperamos que este ano 2018 teñamos novas ideas e sobre todo que vos gusten.

## VISITA AO MUSEO DE PONTEVEDRA

O 24 de outubro os alumnos e alumnas de 1º e 2º curso fixemos unha visita ao Museo de Pontevedra. As monitoras explicáronnos o que é un museo: os edificios, a colección e o xente que nel traballa. Aquí vos deixamos un percorrido pola colección para que a vexades con nós:



## Tamén vimos arte moderna:



## O que máis nos gustou foi:



## Fozer de estatuas:



## E tamén facer quebraobras:



## Foi un día especial e posíbelo xeral.

## Cartas ao Director: Os alumnos de 4ºB presentaron varios escritos ...

1 de febrero de 2018, Sanxenxo.  
querido Director:  
Somos Alicia Valle y Javier Rodríguez de 4ºB.  
Queríamos hacer algunas sugerencias para mejorar más el cole aunque las reformas quedaron muy bien, como el estorpe que peceira y la sala de Informática, muchas gracias.  
- Nos gustaría tener columpios en el patio.  
- También hacer más actividades al aire libre.  
- Tener un gimnasio con más cosas deportivas para educación física.  
- Tener red de bádminton, en el patio.  
h cordial Saludo  
Alicia y Javier

Sanxenxo, Juvenia Aída, febrero de 2018  
Querido Director:  
Nos llamamos Mary Herling y somos alumnas de 4ºB.  
Nuestro tutor nos ha dicho que de aquí bienvenidos una carta para mejorar el colegio.  
Nuestros sugerencias son:  
- Poner más en las porterías.  
- Tener de excursión con más frecuencia.  
- Poner pastas en la sala de informática.  
Un saludo,  
Martín Aroa López y Mari Estela González.  
1 de febrero de 2018  
Estimado director:  
Somos Kala Rivas y Roger Rivas, somos alumnos de 1ºB.  
El profesor Angel nos dijo que queríamos una carta con sugerencias para mejorar el funcionamiento del colegio.  
Nuestras sugerencias son:  
- Que arreglen las góndolas del pabellón.  
- Que pongan sillas en la sala de informática.  
De todos formas nos gusta mucho el colegio.  
Un saludo.  
Kala Rivas y Roger Rivas



Queremos dar a coñecer a un mestre da nosa escola, moi apreciado polos nenos e nenas por ser un docente moi, moi especial. Axúdanos sempre e cando temos unha dúbida sempre está disposto a atendernos e a colaborar con nós.

## ÁNGEL

Por: Manuel Piñeiro e Miguel Roray



- 1.- Cal son os teus gustos de música? *A música dos anos oitenta.*
- 2.- Cal e a túa comida favorita? *Patacas e ovos fritos.*
- 3.- Os teus alumnos pórtanse ben? *Pórtanse bastante ben pero hai días que están tolos.*
- 4.- Cales son as túas aficións? *A música, ver series de TV e facer pilates.*
- 5.- Sacan boas notas os teus alumnos? *Moi boas notas.*
- 6.- Che gusta participar e falar na radio escolar? *Gústame moito.*
- 7.- Tes algunha mascota? *Si teño unha cadela que se chama Tuca.*
- 8.- Que e o que mais che gusta do teu traballo? *Que sempre se aprende algo novo.*
- 9.- Por que decídoche ser mestre? *Cousa do destino e por que cada vez me gusta máis traballar na escola, sobre todo nesta escola na que estou moi a gusto.*
- 10.- Cal e o teu alumno favorito? *Un bo mestre no ten alumno favorito, todos.*
- 11.- Cales son os teus medos? *Cometer algún erro grave.*
- 12.- Como son os nenos de 4ºB? *Estupendos aínda que moi faladores.*
- 13.- Cal e a túa festa favorita? *O magosto por que me gustan las castañas.*
- 14.- Cal e o teu grupo de música favorita? *U2.*
- 15.- Che gustou esta entrevista? *Moi interesante.*

Antonio Diz mestre de Educación Física na escola A Florida, explícanos como foi a experiencia deportiva impulsada polos alumnos e alumnas da nosa escola

## "A FLORIDA CHAMPIONS LEAGUE"

O deporte na escola ou a área de Educación Física contén moitos deportes. Contén: fútbol, baloncesto, etc. Lle fixemos unha entrevista ao profesor de educación física.

Estas son as preguntas:

1. A quen se lle ocorreu a idea? O profesor e os alumnos de sexto.
2. Por que? Porque queríamos xogar ao fútbol.
3. Cando? Ao principio do mes de outubro.
4. Como fan as porterías? Conos e picas. E o gol considerase válido se vai por debaixo das picas.
5. Hai árbitros? Si, pero poderíase mellorar.
6. Como funciona o sistema de puntuación? Tres puntos o gañador, un punto o empate e cero a derrota.
7. Cantos anos ten os xogadores? De 8 a 12 anos.
8. Canto mide o campo? De largo 20 metros e 15 de ancho. (aproximadamente).
9. Cantos equipos hai? Hai 11 equipos.
10. Hai trofeo para o equipo gañador? Non hai trofeo.
11. Como se chaman os equipos? Os nomes son derivados coa Florida e cos grandes equipos de fútbol.
12. De cantos xogadores están formados os equipos? Debería ser de 7 pero finalmente son de 5.
13. Quen formou os equipos? Foi por sorteo? Foi por sorteo e logo foi modificada, por unha serie de condicións para ser equipos o máis igualados, mixtos e de distintas idades.

Os rapaces de sexto que querían participar no torneo de fútbol, estiveron preparando todo co profesor Antonio.

## PETICIÓN AO CONCELLO

Os alumnos e alumnas de 1ºA baixamos a Correos o 12 de decembro para enviar postais de Nadal. Cada vez que saímos camiñando do cole pásanos o mesmo. Non atopamos pasos de peóns para poder chegar sen risco ata a rúa Progreso. Ao saír do colexio hai un paso de peóns, pero despois de cruzalo, nas seguintes rúas xa non hai. Solicitamos por iso ao Concello, para poder camiñar pola rúa con toda seguridade, que se pinte un paso de peóns ao final da rúa Alexandre Bóveda.

# A Voz de "A Florida"

Geip Plurilingüe A Florida. Edición Sanxenxo

Nº 1. Febreiro 2018

## 1968-2018 50 Aniversario

### "O colexio A Florida en plena transformación"

Grandes novidades que afectan a súa imaxe e funcionamento.

Por Pedro Cabaleiro, Alejandro Fernández e Adrián Carrasco.

Ao longo dos últimos meses, o noso colexio de A Florida está a experimentar uns cambios que afectan a súa imaxe e funcionamento. Esta nova imaxe e presenza é froito da actuación da dirección do centro e o seu profesorado contando coa colaboración do Concello de Sanxenxo co seu Alcalde a Concelleira de Educación, e tamén da Xunta de Galicia.

Actuacións necesarias afectan ao pintado da entrada do edificio e tamén á valla de acceso. Grazas ao noso director, don Pedro Alberto Padín Solla, temos unha charca con peixes, anfibios, plantas acuáticas... Tamén temos un con ou rocha grande de granito que preside este espazo, para poñer a placa dos 50 anos. Reformouse o patio de recreo. Temos unha nova pista polideportiva, cunhas porterías moi chulas. No interior do cole, na sala de espera, púxose un sofá para que os nosos pais estean máis cómodos cando agarden falar cos nosos titores. Habilitouse una sala para xogar ao xadrez e poder organizar competicións. Acabamos de montar un acuario de auga salgada entre todas e todos para traballar o ecosistema mariño. Pero, sen dúbida o que máis nos "mola" é a posta en funcionamento da radio escolar, auténtico berce de xornalistas, redactores, lectores, etc. Agora podemos compartir ou comentar as nosas lecturas, cancións, relatos... con todos vós.

Seguiremos mellorando día a día.



En "A Florida" estamos en buena onda... **LA RADIO ESCOLAR NOS ENGANCHA.** (De nuestra redacción, G.A.F.I.)

El Claustro del CEIP Plurilingüe A Florida de Sanxenxo, a través de su Director Pedro-Alberto Padín Solla, anunció la puesta en marcha de la radio escolar en nuestro colegio a partir del presente curso. Se trata de una iniciativa que procura la difusión "a través das ondas" de aquellos trabajos que los alumnos venimos realizando en las clases y que "pretende teñan un alcance xeral á totalidade do centro", significó. Padín Solla, quien ejerce la dirección del centro sanxenxino por segundo año procedente de la dirección en el CEIP AS Covas - Meaño, mostró su satisfacción a la G.A.F.I. por esta iniciativa novedosa que ya es una realidad desde el pasado mes octubre. Para ello, "contamos con la colaboración del profesorado del centro implicado en esta iniciativa que aguardamos resulte exitosa", dijo. Los alumnos presentan sus publicaciones y novedades a través de los micrófonos situados en un aula de grabación, habilitada al efecto. "Contamos cunha completa mesa de mezclas, un equipo de audio moderno e novedoso que, estou seguro, servirá de plataforma creativa para as nosas rapazas e rapaces", puntualizó Pedro Alberto Padín Solla. La radio escolar de A Florida se organizará debidamente para que todos los grupos tengan acceso a ella, participen de esta iniciativa que, a buen seguro, a todos les "enganchará debidamente", finalizó.

Grazas a ser declarado Sanxenxo como "concello pobre..."

## O COLEXIO DE A FLORIDA CUMPRE CINCOENTA ANOS.

(Da nosa redacción. G.A.F.I.)

O CEIP "A Florida" de Sanxenxo, o noso colexio, cumprirá en 2018, cincuenta anos dende a súa fundación, alá polo ano 1968. É un dos "coles" máis antigos de toda a provincia de Pontevedra, según puido saber a GAFI de fontes ben informadas. Esta redacción soubo que, nese ano de 1968, era alcalde de Sanxenxo, D. José-Ramón Guisasola Gorrity, quen solicitou ao Ministerio de Educación e Ciencia o diñeiro necesario para a construción dunha escola, na vila de Sanxenxo, acolléndose á condición de "concello pobre". Deste xeito, púidose levar a cabo a obra das nosas escolas que, en homenaxe ao alcalde que as promoveu, levaron o nome de "Graduada Escolar Mixta José Ramón Guisasola Gorrity", hoxe C.E.I.P. Plurilingüe "A Florida". Inicialmente o nos colexio soamente contaba cun único edificio, o principal, polo que accedemos. Posteriormente, nas década dos anos 70, o concello construíu o Pavillón, no que temos as clases de Educación Física. O Segundo Edificio e as Aulas de Educación Infantil, foron construídas con posterioridade. A primeira directora do centro foi Dona. Avelina Sabell García.



Entrevista a Noelia Carballido Balado, profesora de Música do CEIP Plurilingüe "A Florida"



**"Os nenos poden aprender moito na radio escolar"**

Somos un grupo de alumnas de 4º de primaria e decidimos facerlle unha entrevista a nosa mestra Noelia, co galo da impulsión da Radio na nosa escola

**1. A quen se lle ocorreu a radio escolar?**

Ocorrúseme a min este verán, e chamei a Pedro para ver se había posibilidade de facelo. Dixo que sí.

**2. Cando empezou a funcionar a radio escolar?**

Agora este mes. Mercamos os materiais electrónicos necesarios, e os mestres fixemos un cursiño para aprender a montala.

**3. Cando empezarán a subir audios?**

Os que queiran, xa poden subir audios.

**4. Gústache a idea da radio escolar?**

Sí, moito porque me parece que os nenos poden aprender moito nela.

**5. Canto tempo fixo falta para facela?**

Pouco nun par de meses tiñamos toda a información para montala.

**6. Quenes estrearon a radio?**

As mestras e mestres, no cursiño de formación que están a facer na nosa escola.

**7. Que é iso da formación na escola?**

Sí, dende hai uns cursos as mestras e mestres do centro están a facer cada ano unha formación na escola que dura entre 75 e 100 horas por ano, repartidas en diferentes tardes dende as 16:30 ata as 19:30. Con diferentes temáticas como por exemplo a radio escolar, robótica, informática educativa, web e blogs, TEI, Programación, etc.. Pretendemos ser unha escola máis actualizada e formada cada ano, para dar o mellor servizo ás nosas nenas e nenos.

**8.- En que poderíamos mellorar a nosa escola?**

Ter unha auxiliar de conversa que estea en Infantil, aproximadamente 3 h. en cada clase. E que os de primaria dean un pouco de francés para ir a o instituto ben preparados.

**Xogos populares nas escolas do noso Concello OS TROMPOS**

Un xogo popular e antigo é o trompo. Hai moitos trompos diferentes. Os tipos de trompos son: a vaca, o de escachar, o de malabarismo, de plástico, de madeira, etc. Este xogo popular leva moitos anos no noso concello organizándose de xeito conxunto entre as distintas escolas e o Concello de Sanxenxo. Grazas a organización deste tipo de eventos non se perden costumes populares como neste caso os trompos. Os mestres de Educación Física das escolas xuntáronse para organizar como cada ano o apostamos por unha dieta equilibrada, para almorzar os participantes, onde a froita é algo indispensable. O concello puxo a disposición os premios e a asociación de deporte escolar o autobús para traer aos participantes. O trompo é un xogo moi popular en os seus tempos e segue sendo moi entretido moitas persoas aínda lles gusta. E un xogo moi coñecido, moitas persoas coñecen este xogo porque e moi antigo e entretido, para moitas persoas.



Daniela Cacabelos, Paula García e Sebastián Gondar. 4º A



**A NAO VICTORIA**

Lucas Arias y Nacho Carballa

A nao Victoria foi ao primeiro barco en dar a volta ao mundo. Saíu con 239 tripulantes y regresou con 18 persoas:

Nombre Juan Sebastián de Elcano, de Guetaria Francisco Albo, de Ajo Miguel de Rodas, de Rodas Juan de Acurio, de Bermeo Antonio Lombardo (Pigafetta), de Vicenza Martín de Yudiçibus, de Savona Hernando de Bustamante, de Mérida Nicolás el Griego, de Nauplia Miguel Sánchez de Rodas, de Rodas Antonio Hernández Colmenero, de Avamonte Francisco Rodríguez, portugués de Sevilla Juan Rodríguez, de Huelva Diego Carmona Gallego, de Bayona Hans, de Aquisarán Juan de Arratia, de Bilbao Vasco Gómez Gallego el Portugués, de Bayona Juan de Santandrés, o de Santander, de Cueto Juan de Zubieto, de Baracaldo	Puesto Capitán Piloto Piloto Piloto Sobresaliente Marino Marino y barbero Marino Marino Intérprete Marino Marino Artillero Grumete Grumete Grumete Paje
--	--

Hai unha réplica en Huelva, e outras en Arxentina e en Chile. Neste inicio do curso estivo en Sanxenxo. Os alumnos e alumnas da escola estivemos de visita nela. Foi unha experiencia marabillosa.



**ENTREVISTA Á PROFE OLGA**

Alicia, Tomás, Mar e Ana alumnos de 4ºB fixéronlle unha entrevista moi interesante a Olga Santos profesora de educación infantil.

**1. En que ano viñeches ao coleixio?**

No ano 2008.

**2. Gustouche ternos como alumnos?**

Non só gustoume, encantoume disfrutei moito, aprendemos moitas cousas e o pasamos moi ben.

**3. Cal é a túa comida favorita?**

Gústame a pasta moitísimo, a tortilla de patacas e a carne asada.

**4. Tés mascota? Como se chama?**

Teño unha cadela que se chama Kiti.

**5. Gustáronche as reformas do coleixio?**

Sí, están ben.

**6. Gústache o teu traballo?**

É o que mais me gusta do mundo, e disfruto moito nel.

**7. Podes contarnos algunha anécdota de cando éramos pequenos?**

Cando chegamos de vacacións de Nadal estábamos traballando París e pediádesme que os levara comigo a París, sempre regalabades pulseiras e sempre tiñamos moitísima curiosidade.

Traballamos "o mar" como proxecto de centro montamos un acuario coa axuda dun avó que nos deixou maquetas de barcos e de moitos pais que aportaron dende a auga salgada a distintas especies que trouxeron pais e nenos, temos unha exposición de obxectos marinos de Don Antonio Parapeta e imos traballar os ecosistemas.



**OS ALUMNOS DO CEIP PLURILINGÜE A FLORIDA VISITAN SIRADELLA**

O pasado 15 de novembro os alumnos de 5º e 6º do CEIP Plurilingüe A Florida visitaron a aula de Natureza de Siradella, situada no Grove. Alí viron un vídeo explicativo e aprenderon moitas cousas sobre a fauna e a flora do istmo da Lanzada.

Visitaron tamén o mirador de Siradella e fixeron unha ruta a pé ata a Lagoa de Bodeira onde puideron ver un conxunto de esculturas moi atractivo.

Os alumnos deste centro queren darlle as grazas ao monitor que os acompañou ao longo de toda a mañá e que lles ensinou moitísimas cousas sobre a natureza. MOITÍSIMAS GRAZAS MARTÍN!



Alumnos de 5º e 6º na Aula de Siradella

**ONOMATOPEIAS !!!!**

- Os nenos de 2º este trimestre traballamos as onomatopelias na clase. Sabes o que son? Non creo! Eu tampouco o sabía ata que a mestra o explicou na clase.  
 - E que son?  
 - Non o sabes! As onomatopelias son palabras que imitan os sons que fan as persoas, os animais e os obxectos.  
 - Ahhh!!!  
 - A mestra mandounos como tarefa buscar información e este foi o resultado:



**ALUMNOS DA ESCOLA A FLORIDA VISITAN O MONTE DO CASTRO**

Os alumnos do segundo ciclo do C.E.I.P. A Florida visitaron o xacemento arqueolóxico dun pobo castrexo situado no Monte do Castro no concello de Ribadumia. Este poboado foi ocupado dende o século IV a.C. ata o século I d.C.

Alí viron como un grupo de arqueólogos limpaban o terreo e descubrían os cimentos dos castros que reconstruían. Un deles foi o guía que lles explicou como vivía a xente daquela época.



Alumnos de terceiro escoitando as explicacións do arqueólogo. Os restos que atopan de xoias, vaixelas e armas podémolos ver no museo de Pontevedra. Descubriron que nese poboado houbo un incendio e incluso que foi atacado polos Romanos, xa que atoparon puntas de lanzas deles. Aos alumnos gustoulles moito imaxinar como vivían naquela época sen tecnoloxía, nin luz nin auga corrente. Como vivían en casas de pedra circulares e pequenas cunha lareira e un tellado de palla suxeito cun tronco de madeira.



Como este ano traballamos "o mar" os nenos e nenas de 3 anos fixemos barquiños coa cáscara dunha noz.



OS NENOS DE 5 ANOS NO SAMNIN PASÁMOLO DE MEDO!!!